

PLENO INFANTIL 22 DE NOVIEMBRE DE 2017

Sesión Extraordinaria 2017 celebrada polo Pleno Infantil do Concello

o día 22 de novembro de 2017

ORDE DO DÍA

1. Saúdo /Benvida do Alcalde aos novos Concelleiros/as.

2. Lectura, debate e aprobación, se procede da “toma en consideración” de cada unha das propostas realizadas.

- Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA” relativa a Saúde e benestar.
- Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria “IGREXA” relativa a Diversidade.
- Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA” relativa a Urbanismo.
- Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO” relativa ao Proxecto buguina de contaminación acústica.
- Proposta do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA” relativa a Medio Ambiente.
- Proposta do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN” relativa a Ocio, cultura e tempo libre.
- Proposta do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI” relativa a Medio de comunicación.

3. Rogos e preguntas.

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións sendo as once horas e catro minutos do 22 de novembro de 2017 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes voceiros/as:

- Pablo de la Iglesia do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA”
- Antía Freire do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA”
- Alba Carballo do Centro de Educación Infantil e Primaria “IGREXA”
- Paula Vila do Centro de Educación Infantil e Primaria “IGREXA”
- Laura Villaverde do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA”

- Víctor Ramírez do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA”
- Zoe Bóveda Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- Iria González do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- Antón Santos do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- Carmen Castro Viaño do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA”
- Mei Chu Verdejo do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN”
- Ainhoa Cortizo do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN”
- Sara Riobó do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI”
- Pablo Xesús Martínez Couñago do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI”

Asisten tamén Fernando Carrasco, Inspector de Educación, e Gloria del Río representando a UNICEF

Asiste o sr. Alfredo Polín como interventor, e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

1. Saúdo /Benvida do Alcalde aos novos Concelleiros/as.

O sr. Alcalde dá a benvida a todos. Hoxe temos unha representación dos colexios e instituto da nosa vila. Exposición de ideas e propostas, eu representando como Alcalde a todos os grupos da Corporación. A iniciativa parte de AER, e foi respaldada por todos os grupos para que se poida levar a cabo.

Os plenos en Redondela sempre os comezamos cun minuto de silencio: violencia de xénero e da infancia.

Quero dar a benvida e agradecemento de que esté Fernando Carrasco (INSPECTOR DE EDUCACIÓN, Gloria del Río (UNICEF)...COLEXIOS, INSTITUTOS, DIRECTORES, ALUMNOS. Concelleiros de AER que foron os que propuxeron esta iniciativa. E demais concelleiros.

Datas claves que promoven os dereitos do neno: o Alcalde dá lectura do escrito titulado “Saúdo e benvida do Alcalde” que se transcribe a continuación:

“Benvida, saúdos ás autoridades presentes:

Fernando Carrasco inspector de Educación da Xunta de Galicia, Concelleiros, Gloria del Río Hernández, Vicepresidenta de Unicef do Comité de Galicia, agradecemento aos nenos e nenas, mestres, centros de ensino (...)

Como sabedes, existen dúas datas clave que promoven a conmemoración dos dereitos do neno: o 20 de novembro de 1959 a Asemblea Xeral da ONU aproba a Declaración dos Dereitos do Neno, e posteriormente a Convención dos Dereitos do Neno o 20 de novembro de 1989. Polo tanto, fai 28 anos que adquirimos o compromiso de **defender e promover os dereitos de todos os nenos e nenas**.

Hoxe é un día de celebración polos avances conseguidos, pero sobre todo é un día para chamar á atención sobre a situación dos menores máis desfavorecidos, de **dar a coñecer os dereitos da infancia** e de **concienciar á cidadanía da importancia de seguir traballando día a día polo seu benestar e desenvolvemento**.

Porque a **Convención sobre os Dereitos do Neno segue sendo un documento insuficientemente coñecido**, e os dereitos que recolle aínda distan moito de converterse en realidade en moitos recunchos do planeta.

Actos coma este serven para lembrarnos que **os dereitos da infancia están ratificados pero non garantidos**, pois sabemos que a día de hoxe se seguen violando diariamente estes dereitos en moitos países do mundo.

servan como datos que:

- 1 de cada 12 nenos e nenas **morre antes de cumprir os 5 anos**.
- Máis de 120 millóns de **nenas e nenos en idade escolar non asisten á escola**, na súa maioría nenas.
- Cada minuto, un/a neno/a morre por unha enfermidade vinculada á SIDA.
- 300.000 nenos e nenas están a servir a gobernos ou forzas rebeldes como soldados.
- Centos de miles de nenos e, **sobre todo, nenas** están sometidos á explotación sexual.

Por todo isto, dende o Concello de Redondela, ademais de conmemorar a Declaración dos Dereitos da Infancia e a Convención dos Dereitos do Neno, **queremos manifestar o noso compromiso decidido coas políticas a favor da infancia**.

Porque o deseño de políticas municipais baseadas nos dereitos da infancia, contribuirá a que se produzan as transformacións necesarias para facer de Redondela un concello no que os nenos e nenas sexades os protagonistas principais.

Queremos polo tanto escoitar de primeira man, a opinión que os nenos, nenas e adolescentes tedes do noso Concello, xa que unicamente coñecendo as vosas opinións, intereses e necesidades poderemos deseñar as actuacións necesarias para darvos resposta, e así entre todos facer deste concello un lugar mellor para todos e todas.

Pasamos a dar conta dos temas a tratar.”

2. Lectura, debate e aprobación, se procede da “toma en consideración” de cada unha das propostas realizadas.

O Alcalde dá a benvinda aos representantes dos colexios e voceiros.

- **Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA” relativa a Saúde e benestar.**

Pablo de la Iglesia e Antía Freire. Asunto: Saúde e Benestar.

Imos achegarvos unhas ideas para a mellora das infraestruturas da nosa parroquia e que terán como finalidade a mellora da práctica deportiva e así provocar un estilo de vida saudable da poboación do noso entorno. As nosas propostas son construír unha pista de patinaxe e bicicletas porque somos moitos os que practicamos. Que reformaran o pavimento da pista polideportiva exterior do colexio e que a cubran si é posible, xa que o noso ximnasio é reducido. Pensando en todo tipo de poboación, a seguinte proposta é ampliar e renovar o Parque público con máquinas para que os nosos maiores poidan facer actividade física. Outras ideas sería construción pista de pádel, pista fútbol 7, piscina... pedir non consta nada. Biblioteca como punto de encontro, proxección de documentais con temática da saúde, charlar sobre hábitos saudable... agardamos que as nosas peticións poidan levarse a cabo, polo menos algunhas delas.

Alcalde pregunta si o resto de voceiros queren facer algunha intervención. Pois pasamos a votar entre todos si realmente se toman en consideración.

APRÓBASE POR UNANIMIDADE. Todos estamos de acordo en que a proposta de Quintela se tome en consideración.

- **Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria “IGREXA” relativa a Diversidade.**

Alba Carballo e Paula Vila. Asunto: diversidade.

Despois de observar e investigar as nosas rúas, apoiamos a nenos e nenas: ás que non fan deberes, ós que se senten doutra maneira, ós que necesitan moitas explicacións, a todos os que se divirten xogando sós, ós que non nos seguen cando falamos, ós que nin nos ven, ós que lles costa xogar ó fútbol ou chegar ao Colexio. TODOS SOMOS DIFERENTES, por iso lle pedimos ao Concello que a nosa contorna sexa accesible, que as beirarrúas, os edificios...o sexan. Que Redondela sexa accesible para todas as persoas.

“Manifesto diversidade

1. *Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas sexa cal sexa o tempo que lle leva facer as tarefas porque... Todos somos diferentes*

2. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que se esquecen moi pronto do que aprenden e necesitan repasar moito porque... Todos somos diferentes

3. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que non entenden os nosos chistes ou teñen outro sentido do humor porque... Todos somos diferentes

4. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que senten doutra maneira porque... Todos somos diferentes

5. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que necesitan moitas explicacións antes dun cambio nas súas rutinas porque... Todos somos diferentes

6. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que se divirten xogando sós ou con outros xogos porque... Todos somos diferentes

7. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que non nos oen cando falamos porque... Todos somos diferentes

8. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que nos ven como sombras ou que nin nos ven porque... Todos somos diferentes

9. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que lles costa xogar ao fútbol ou chegar ao colexio porque... Todos somos diferentes

10. Aceptamos e apoiamos a todos os nenos e nenas que nos fan saber que outros lugares existen porque... Todos somos diferentes

Porque se pode ver cós dedos

Porque se pode oír cós ollos

Porque se pode falar coas mans

Porque se pode expresar cunha máquina

Porque todos somos diferentes.

É por iso, porque todos somos diferentes, queremos pedirlle ao concello que a nosa contorna sexa accesible para todos os nenos e nenas:

1. Que os semáforos soen como paxaros

2. Que as beirarrúas sexan como pistas de baile, sen obstáculos e con sons
3. Que as fachadas se convertan en lenzos, apoiando outros tipos de expresión artísticas.
4. Que as rúas indiquen camiños seguros para ir ao colexio
5. Que os edificios municipais se comuniquen con pictogramas

Queremos darvos o pictograma do concello para animarvos a seguir eliminando barreiras, e que Redondela sexa accesible para todas as persoas.

Grazas por escoitarnos e esperamos poder repetir esta experiencia.”

Alcalde: si queredes intervir o resto de voceiros.

Fan entrega ao sr. Alcalde de pictogramas.

APRÓBASE POR UNANIMIDADE. Todos estamos de acordo en que a proposta de Igrexa se tome en consideración.

- **Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA” relativa a Urbanismo.**

Laura Villaverde e Víctor Ramírez. Fan unha presentación en Power Point. Asunto: urbanismo.

Grazas por convidarnos. O noso cole está en Chapela. Estamos a traballar nun proxecto que se chama revolucións e cambios. Comezamos este proxecto con este libro “os dereitos da infancia”. Escollemos urbanismo porque queremos falar de sitios seguros, xogar sen perigo, coller as nosas bicis e desfrutar xuntos. Tonucci traballou neste. Sabemos que Chapela non é un sitio fácil, queremos vivir aquí porque ten cousas boas, biblioteca, paseo á beira do mar, parques infantís... Tamén ten debilidades. 4 bloques: entorno colexio, parques, trazado vías do tren, entorno Trasmañó.

Entorno do noso cole: poucos aparcamentos e moitos coches mal aparcados o que fai que teñamos problemas para coller o bus, perigo ao cruzar de Río Frio a Angorén, a nosa rúa é moi estreita e ás veces non poden baixar os autobuses.

Nos parques: non hai aseos públicos, o mobiliario está deteriorado, o chan das zonas de xogos non é o axeitado, zonas sucias con botellas sucias, no parque da Alameda o mobiliario da calambrazos.

Vías de tren: oxidadas e sucias, hai moitas silvas onde hai ratas, grafittis...

O entorno de Trasmañó precisa máis atención: poucas veces pasa o camiión do lixo e non hai colectores para o reciclaxe, no acceso ao banco e o campo da Rata están cheos de lixo e os coches aparcen mal, campo de fútbol está en mal estado, non hai carrís bici, non hai beirarrúas

e as paradas están moi vellas, non hai transporte nin hai camiños seguros para baixar á Encarnación, o abandono do antigo colexio.

As nosas propostas de mellora:

Entorno do Colexio: semáforo ou policía local para que regule o paso de peóns, supervisión dos coches mal aparcados, dirección única ás horas de entrada e saída.

Parques Infantís: Colocación de baños públicos, cambio do chan en catro parques polo chan de goma, cambiar mobiliario deteriorado, limpeza, solucionar o problema dos calambres no parque Alameda.

Trazado das Vías do tren: aproveitar o trazado para vía verde que nos conecte con Vigo.

Entorno de Trasmañó: Beirarrúas para camiñar sen perigo, sendas para bici e unha liña de transporte pequeno que conecte con Chapela coas súas paradas arranxadas, adecuar o uso e desfrute do colexio para a convivencia da infancia coa terceira idade, acondicionar o campo de fútbol como zona de xogo e crear outros espazos seguros, instalación de colectores de reciclaxe e paso do camiión do lixo con mais asiduidade, extremar a vixilancia nos arredores do banco para que non se deteriore o entorno natural.

Alcalde: dálle as grazas. O obxectivo é que contestemos no momento que corresponda para nestas propostas dar unha explicación. O que se expuxo é interesante, o de todos os grupos. Mellorar a vila. Dende o Concello queremos dar resposta, nalgúns casos será máis complicado e noutros máis fácil.

APRÓBASE POR UNANIMIDADE. Todos estamos de acordo en que a proposta do CEIP Alexandre Bóveda se tome en consideración.

- **Proposta do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO” relativa ao Proxecto buguina de contaminación acústica.**

Zoe Bóveda, Iria González e Antón Santos. Fan unha exposición en Power Point. Asunto: contaminación acústica.

Vídeos de xente, audios, análise de ruídos, horas que pasa o tren, obras. Podedes entrar na páxina web. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaredo/?q=node/618>

Facemos todo isto porque temos que darnos conta de que os ruídos son contaminación, tan importante coma as demais, quen o causa, porqué e como.

A finalidade é:

Sensibilizar ao alumnado sobre os sons e ruídos que caracterizan o seu entorno máis inmediato.

Desenvolver a capacidade de investigar, coñecer e comprender a orixe dos sons/ruídos e a súa influencia no medio ambiente e as persoas.

Tomar conciencia da exposición do ruído, das molestias e os seus efectos.

A cada alumno déuselle un papel con sete puntos para saber por onde ten que ir (parques, talleres, cafeterías), sacar fotos, analízalo e facer vídeos a tres persoas distintas. En total fixemos máis de 150 vídeos. Mapa sonoro. mapasonoro.ceipdelaredo.com

Como proposta de solución: trens que pasen á hora adecuada, obras pola tarde... No colexio bolas para minimizar o ruído...

Alcalde: é un proxecto moi interesante, hai cousas que miraremos como enfocalas. Trataremos de falar estas cousas e buscar alternativas.

Antón di que lle darán unhas pelotas para comezar a minimizar o ruído. Pelotas de tenis para cadeiras e mesas. Con burato para metela tal cal.

APRÓBASE POR UNANIMIDADE. Todos estamos de acordo en que a proposta do Centro de Laredo se tome en consideración.

- **Proposta do Instituto de Educación Secundaria de “CHAPELA” relativa a Medio Ambiente.**

Carmen Castro Viaño. Acompañada de Rubén García Oliveira e Pablo Pérez Melón. Fan unha exposición en Power Point. Asunto: medio ambiente.

Propoñemos para facer máis habitable a nosa vila: facilidades de acceso, espazos sostibles... Situar fontes nas rúas, crear zonas verdes, paseo para peóns e bicicletas, rexenerar as instalacións deportivas existentes, conectar as parroquias no centro da vila, rede de transporte público que facilite menor uso de vehículos particulares, facer da parroquia lugar máis accesible.

A nosa proposta concretámola nos seguintes puntos:

1º Recuperar espazos naturais degradados: limpar a praia de Arealonga, rúas e beirarúas, rexenerando o mobiliario urbano; situar fontes nas rúas para refrescarse e poder beber nos días de calor.

2º Crear zonas verdes, reciclando as existentes, converténdolas en lugares de encontro. Tamén crear unha zona verde pechada para levar aos cans de paseo.

3º Rexenerar as instalacións deportivas existentes, así como as edificacións degradadas, reconverténdolas na medida do posible en locais de ocio e encontro da xuventude.

4º Conectar as parroquias co centro da vila e coa cidade de Vigo, mediante unha rede de transporte pública e gratuíta para a xuventude que nos facilite o acceso as actividades deportivas, culturais e de lecer. O que permitiría o menor uso de vehículos particulares reducindo a contaminación.

5º Facer da parroquia un lugar seguro para a vida, controlando o tráfico e a ser posible ter un punto de partida de ambulancias para recibir a atención sanitaria adecuada, reducindo a habitual tardanza.

Alcalde: moitas das propostas coinciden coa transversalidade doutras. Se poderán tratar para poder dar lugar a resultados positivos.

APRÓBASE POR UNANIMIDADE. Todos estamos de acordo en que a proposta do IES Chapela se tome en consideración.

- **Proposta do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN” relativa a Ocio, cultura e tempo libre.**

Mei Chu Verdejo e Ainhoa Cortizo. Tamén utilizan medios audiovisuais. Fan unha exposición en Power Point. Asunto: Ocio, Cultura e Tempo Libre.

Redondela ten fortalezas (festas, choco, títeres) pero tamén algunhas debilidades (oferta cultural reducida, pistas patinaxe...) a oferta cultural e moi reducida para a nosa idade.

A nosas propostas:

Cine no multiusos axeitado á nosa idade a prezos reducidos, non colleríamos o coche.

Lugar cuberto onde practicar parkour, skate, circuito de cars, rocódromo, paintball....

Concertos para adolescentes.

Carril bici dende o centro da vila ata o muelle e de alí ata a punta de Cesantes.

Biblioteca pública con máis libros para o nosa idade, non hai idades intermedias.

Arranxar a zona da Praia no peirao.

Máis apoio a deportes minoritarios, como remo e o bádmiton.

Espazos onde xogar os videoxogos e facer competicións.

Vía verde para conseguir paseo pola antiga vía do tren.

Pista de Fútbol en Cesantes Pista de patinaxe e atletismo.

Clases de teatro.

Alcalde: Volven a saír temas que xa saíron. Algunhas pode dárselle resposta. Algunhas iniciativas xa están en marcha. Entre todos a creatividade ten que poñerse a funcionar.

APRÓBASE POR UNANIMIDADE. Todos estamos de acordo en que a proposta do IES Illa de San Simón se tome en consideración.

- **Proposta do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI” relativa a Medio de comunicación.**

Sara Riobó e Pablo Xesús Martínez Couñago (en substitución de Julen Míguez). Asunto: Medio de Comunicación.

Os medios de comunicación forman parte esencial da sociedade na que vivimos. Son imprescindibles para entender a nosa cultura e un elemento clave no noso proceso de socialización. Convertéronse na actualidade na primeira alternativa do lecer xuvenil e por tanto, tamén de formación ou deformación das nosas personalidades e das nosas consciencias. Pero o seu uso convértese nunha arma de dobre gume, polo que moitos adolescentes identifican o mundo real co que observan na TV e Internet. A reiterada exposición de violencia, a explotación do sexo e pracer ou os modelos estereotipados presentan provocan en nós unha grave distorsión de valores, desembocando en comportamentos violentos e de risco. A programación televisiva está deseñada para un público adulto. Os guións das series de televisión, que vemos de maneira masiva, móstrannos modelos familiares e condutuais que non son os propios da nosa idade. Pero a xente nova e os medios de comunicación estamos condenados a entendernos, xa que, para nós, os medios seguen a ser un instrumento de construción e cohesión social de primeira orde e os medios precisan conectar cun amplo sector da poboación ao que, coas estratexias habituais non están chegando. Os medios trátannos frecuentemente con inxustiza, ofrecendo unha imaxe errónea, negativa e estereotipada de nós. Para que cambie temos que participar activamente neses medios. Os medios, no seu tratamento das novas xeracións, esquécese de recorrer a nós como fontes de información, isto tamén ten que ver coa ausencia de portavoces xuvenís e con que non somos un todo, senón que somos diferentes e plurais entre nós. Os medios de comunicación deben buscar novas propostas que xeren a nosa participación, que nos fagan implicarnos na transmisión da comunicación.

Alcalde: Agora os youtuber están de moda. Que movan esta nova liña de comunicación.

APRÓBASE POR UNANIMIDADE. Todos estamos de acordo en que a proposta do IES Pedro Floriani se tome en consideración.

Alcalde: a nosa intención é que estas propostas que facedes se analicen e estuden, e en tempo prudencial darvos debida resposta. Haberá cousas que poidamos facer e outras non. Entre todos esperemos que poidamos seguir avanzando.

3. Rogos e preguntas.

Alcalde: si hai preguntas que esixen resposta desenvolta, as contestaremos por escrito.

ROGO arranxar o parque da Igrexa de Chapela e facer o mantemento da contorna do Multiusos de Chapela.

Alcalde: o parque da Igrexa está esperando que se arranxe toda a zona da AP-9.

PREGUNTA alumnos da Igrexa Chapela queremos saber cando nos trasladaremos ó novo cole.

Alcalde: explica que esta resposta está relacionada coa cuestión anterior, xa que se depende da finalización das obras de ampliación da AP-9

ROGO rampas para discapacitados no noso cole de Alexandre Bóveda.

Alcalde: resposta que se valorará a colocación da mesma.

Alcalde: vos pediremos que o que xa tendes escrito nolo pasedes para incorporalos á acta.

ROGO as rúas que levan ata o Colexio de Quintela un pouco máis agrandadas. Son moi estreitas, problemas para os autobuses na porta.

Alcalde: é certo. Tema enriba da mesa.

COMPARECENCIA

Fernando Carrasco, representando a Consellería de Educación e Gloria del Río representando a UNICEF.

Fernando: saúdo do Xefe territorial da Consellería. Agradecemento ao Concello de Redondela por esta iniciativa. Constatar como inspector de educación o traballo do alumnado e do profesorado, moito traballo feito. Moita sensibilidade, se busca un Concello mellor e un mundo mellor. Sabedes que me gustar ir ós centros, se ve moito traballo de aula e moitos valores positivos. Serán transmitidas as demandas dos centros que son competencia da Consellería de Educación.

Alcalde: o que non é competencia nosa o trasladamos ás administracións competentes. Entre eles á Consellería de Educación, tamén lles pedimos compromiso.

Gloria: Unicef é Axencia das Nacións Unidas que ten mandato universal para facer que os dereitos dos nenos se cumpran en calquera lugar. Non é igual en África como aquí. Traballo magnífico que fixestes, gratamente sorprendida. É moi importante que os nenos e nenas teñan voz. Tedes que esixilos. Agradable ver que o Concello de Redondela vos dese esta oportunidade. É un reto para dar satisfacción a estas boas ideas.

Alcalde: agradezo ós directores dos centros, profesores, mestres, alumnos, nenos...Isto non é só un traballo do Alcalde e equipo de goberno, tamén dos grupos políticos. Lles pedirei que suban os representantes dos grupos políticos para darvos uns agasallos. É cousa de todos, toda a Corporación está representada nesta mesa.

Representante de PSOE, AER, PP e Alcalde fan entrega de agasallos.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as doce horas e dez minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.